



BASES CONCURSO LOGO CONCELLO DE SOBER

O Concello de Sober convoca un concurso para o deseño dun logotipo que servirá para identificar e promocionar ao municipio.

TEMÁTICA E CARACTERÍSTICAS DA OBRA

O logotipo debe recoller a esencia do municipio tendo en conta os seus sinais de identidade: os seus recursos naturais e turísticos, as peculiaridades dos seus sectores produtivos e os seus valores culturais.

En concreto, o logo debe representar un ou varios valores significativas do Concello de Sober (viño, música, olería de Gundivós, Canón do Sil, románico, rosca....).

Tamén se valorará a creatividade e a claridade da obra que facilite o seu rápido recoñecemento e contribúa a establecer unha rápida identificación co municipio. Polo tanto, o deseño debe incluír a palabra SOBER.

A obra debe ser orixinal e inédita e así o debe expresar o autor ou autora certificando que o deseño é propio e que non se infrinxiron os dereitos de autor de terceiras persoas.

Ningún deseño poderá conter firmas nin levar sinais de identidade que identifiquen ou permitan coñecer a identidade do autor ou autora.

O logo será usado polo Concello como complementario ou substituto do escudo municipal.

FORMATO

O deseño terá unha disposición horizontal ou vertical e, se é en cor, deberá ir acompañado dunha versión monocroma (branco e negro ou escala de grises) que posibilite a súa reprodución nunha tinta.

O deseño deberá poder adaptarse a diferentes tamaños e usos cunha correcta visibilidade, tendo en conta que posteriormente deberá poder ser reproducido en diferentes soportes e materiais.

Os deseños enviaranse en soporte dixital, preferiblemente en formato vectorial escalable (.ai, .svg, .pdf, .eps). E no caso de que se envíe nun formato con resolución fixa (.psd, .png, .jpeg, .tiff), deberá usarse un tamaño mínimo de 2.000 píxeles en largo ou ancho. É recomendable empregar a maior resolución posible.



INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta e aberta a todas aquelas persoas que desexen participar, independentemente da súa idade, nacionalidade ou lugar de residencia. Cada participante poderá achegar o número de deseños que considere.

O prazo de recepción das propostas a concurso remata o martes 30 de xuño e deberán ser remitidas a través do enderezo electrónico prensa@concellodesober.com acompañadas dos datos persoais: nome e apelidos, domicilio, teléfono de contacto, enderezo de correo electrónico e fotocopia do DNI. As persoas menores de idade deberán presentar, ademais, autorización do seu representante legal porque, en caso contrario, a súa participación no concurso non será estimada.

Non poderán participar os membros da organización do concurso nin as persoas que integran o xurado.

FALLO DO XURADO

O xurado, formado por 3 persoas relacionadas co mundo do deseño e un representante do Concello que actuará como secretario pero sen voto, determinará o deseño gañador atendendo aos criterios de adecuación á temática (representatividade do municipio e creación dunha marca que identifique a Sober), creatividade e claridade da obra.

O xurado poderá suxerir ao creador da obra modificacións no seu deseño. E, no caso de que ningún dos deseños presentados se adecúe ao obxectivo da convocatoria, o concurso poderá ser declarado deserto.

O fallo, que será inapelable, darase a coñecer ao longo do mes de xullo de 2020 e será previamente comunicado á persoa gañadora.

PREMIO

O Concello de Sober establecerá un premio económico de 500 euros dirixido á persoa responsable do deseño do logotipo que o xurado determine como gañador.

O premio será entregado no Concello de Sober en xullo e, no caso de que a persoa gañadora non puidera recoller o seu premio, poderá designar a unha persoa autorizada.



PROPIEDAD DA OBRA

A obra premiada quedará en propiedade do Concello de Sober podendo ser reproducida, cedida e empregada na forma que o considere conveniente sen pago nin contraprestación ao autor ou autora que manterá unicamente os seus dereitos morais irrenunciabes como autor ou autora do deseño. Polo tanto, os dereitos patrimoniais e de explotación de titularidade única e exclusiva do Concello de Sober.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso supón a aceptación total destas bases así coma a composición do xurado e o seu fallo. Polo tanto, as súas decisións non poderán ser obxecto de impugnación e estará facultado para resolver calquera situación non prevista nas bases na forma que considere oportuno.

PROTECCIÓN DE DATOS

Os participantes do concurso dan o seu consentimento expreso para que os seus datos persoais facilitados queden incorporados de forma confidencial a un ficheiro automatizado e non automatizado do que é titular o Concello de Sober. Os datos que se faciliten serán empregados única e exclusivamente para xestionar a tramitación do concurso de acordo coas presentes bases.

O Concello de Sober dispón de tódalas medidas necesarias para garantir a seguridade e confidencialidade destes datos. Os participantes poderán exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por escrito ao Concello de Sober (Praza do Concello, s/n, 27460, Sober - Lugo) ou por correo electrónico ao enderezo prensa@concellodesober.com.